
O MASTER EN SUPERCOMPUTACIÓN FORMA PROFESIONAIS PARA A INDUSTRIA E A INVESTIGACIÓN

- Actualizado ()

- UDC, USC e CESGA imparten conxuntamente o Master en Computación de Altas Prestacións.
A industria demanda cada vez mais profesionais con formación específica en Computación de Altas Prestacións.

As técnicas de Computación de Altas Prestacións (HPC) tentan dar resposta a numerosos problemas de Ciencia e Enxeñaría que requiren o procesado de grandes cantidades de datos numéricos, reducindo os tempos de resolución e posibilitando o tratamento de problemas de maior complexidade. Hoxe o Presidente do CESGA e Director Xeral de I+D+i da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia, Ricardo Capela Pueyo, o Reitor da Universidade da Coruña, José María Barja Pérez, e o Reitor da Universidade de Santiago de Compostela, Juan Casares Long, presentaron o Master Interuniversitario en Computación de Altas Prestacións . Froito da colaboración entre a UDC, USC e CESGA, nace como resposta á demanda crecente de profesionais con este perfil en supercomputación, tanto para a industria como para a investigación. Así este MASTER conta coa colaboración de numerosas empresas do sector como IBM, Fujitsu, Bull, HP, Intel, AMD, Gompute e Dygra Films.

(+)